

## PARA QUE SERVE?

- Para todas as bibliotecas integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Se xa es socia ou socio dalgunha non o precisarás.
- Para levar emprastados materiais da biblioteca. Será preciso traer o carné para poder usar este servizo.
- Para acceder a **GaliciaLe**, a plataforma do libro electrónico de Galicia.
- Para xestionar os teus préstamos, renovacións ou solicitudes de compra desde a páxina do catálogo da Rede.

## CONTACTO E HORARIOS DA BIBLIOTECA

### Biblioteca municipal "El Viejo Pancho"

Antonio Otero 17, 27700. Ribadeo  
biblioteca@ribadeo.org  
Tlf: 982 128 230

Catálogo:  
<http://rbgalicia.xunta.gal/gl/rede/catalogos>

Horario:

#### Inverno

**luns a venres :**

10:30 - 13:00 e 17:00 - 20:00

**sábados e domingos:**

pechado

#### Verán

**luns a venres:**

09:00 - 14:00

**sábados e domingos:**

pechado

Concello de  
**Ribadeo** 

# NOVO, CARNÉ

Biblioteca municipal  
El Viejo Pancho



## COMO O FAGO?

- Na biblioteca. Podes axilizar o proceso cubrindo o formulario na web da Rede.
- Para retiralo precisas amosarnos un documento de identidade e sacaremosche unha foto.
- Os menores de 14 anos precisaredes da autorización dunha persoa adulta ao voso cargo.
- É de balde, persoal e intransferible.

## AÍNDA MÁIS

- As nais/pais e titoras/titores poderedes facer uso do carné das nenas e nenos ata que cumpran 14 anos.
- Os materiais son caros e os recursos de todas e todos, polo que a perda reiterada do carné implicará sanción.
- O uso indebido do carné pode supor a retirada do mesmo.

## AUTORIZACIÓNS

- Podes autorizar a alguén para recoller os teus préstamos na biblioteca co teu carné, sempre a través dunha solicitude. Con todo, ti seguirás a ser a persoa responsable dos materiais.

## COMO ATOPO UN DOCUMENTO?

- Procurándoo no catálogo: <https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal>, é moi sinxelo. Consulta co persoal da biblioteca para comezar a usalo.

## CANTAS COUSAS PODO LEVAR Á CASA?

Tipo Documento	Máximo docs/ Tempo	Renovacións
Libros	5 durante 21 días	unha, por 21 días
Audiovisuais	2 durante 7 días	unha, por 7 días
Sonoros	2 durante 7 días	unha, por 7 días

## E SE PRECISO MÁIS TEMPO?

- Podes renovar o préstamo 5 días despois de ter levado o material e ata o día no que vence, tanto na biblioteca como desde o catálogo web coas túas claves de usuaria/o. Se non as tes, podes solicitalas desde a web ou na biblioteca.
- Non poderás renovar documentos reservados se tes unha sanción ou tes material na casa co préstamo vencido.

## E SE O MATERIAL QUE QUERO ESTÁ PRESTADO?

- Podes reservar ata 3 documentos desde a túa sesión do catálogo ou na biblioteca.
- Se tes unha reserva revisa a túa caixa de correo, será o medio que empregaremos para te avisar.
- O prazo de recollida será de 3 días, se non a recolles será cancelada.

## NON TEDES UN LIBRO QUE COIDO QUE DEBIADES TER

Fainos unha **suxestión de compra** desde a web, valorarémola e se é aceptada serás a primeira persoa en usar ese documento.

## PRÉSTAMOS VENCIDOS

- Aumentamos os prazos de devolución, renovar é mais doado e pódese facer sobre material audiovisual tamén. Agora ben, non devolver os materiais en prazo leva aparelada unha sanción sobre o préstamo a domicilio.
- A sanción será de 1 día por cada documento e día de atraso ata un máximo de 90.

## SE DETERIORO OU PERDO UN DOCUMENTO QUE LEVEI EN PRÉSTAMO?

Deberemos repoñelo por un igual. De non dares con el, consulta coa biblioteca para que che digan por cal substituílo. Ata a súa reposición non poderás acceder ao servizo de préstamo en ningunha das bibliotecas integradas na Rede.

